

Percepción e sensación

Percepción

O ser humano relaciónase co seu entorno a través dos sentidos. Ésta é unha relación constante que ocorre xeralmente de xeito non consciente, cando a información recollida polos teus sentidos é comprendida polo teu cerebro, ben pola súa importancia ou simplemente porque chámache a atención. Estamos entón ante o fenómeno ó que denominamos *percepción*.

Para que poida darse este proceso, primeiro tes que observar, é dicir, ha de chegar os teus ollos a información de forma consciente, e segundo, has de comprender, has de alcanzar o significado de cada un dos datos. A percepción comprende ámbalas dúas cousas, *observación* e *comprensión*, e a elas temos que engadir o desenrolo da sensibilidade ou “facultade de sentir”. Canto maior e de máis calidade sexa a información que os teus sentidos estean adestrados para recoller, máis datos terás para comprendela.

As diferentes sensacións que chegan a través dos sentidos son as que che permiten reconstruír no teu interior o mundo que che rodea. Como suxeito que recibes a información, dependes da habilidade dos teus sentidos para transmitirle ó teu cerebro cada unha das parcelas da realidade que poden recoñecer. Cando un dos teus sentidos falla, os máis tratan de suplilo.

Aínda que todos os sentidos son necesarios para que podas ter unha idea o máis exacta posible do que che rodea, hai algúns que están íntimamente relacionados coa *educación plástica e visual*. Coa vista obtés sensacións que che informan sobre as características gráficas dos obxectos (dimensións, cores...), e tamén sobre a súa posición ou situación no espacio; co tacto saberás como é o rematado da súa superficie (textura), ou que propiedades físicas ten (temperatura, dureza...).

10

Observación Comprensión

Sensacións visuais

Sensacións táctiles

Nunha sociedade visual como a nosa, acumúlanse a miúdo as mensaxes e imaxes que a través dos ollos chegan ó cerebro. Éste ten que seleccionar as que lle aporten información de importancia. Deste xeito, cando os teus ollos *captan unha imaxe* calquera, se ten para ti certo interese, identificarás ademáis do obxecto do que se trate, as características específicas que o compoñen.

A información captada a través da imaxe non só aporta che datos do obxecto en si mesmo, senón tamén sobre a súa situación respecto de ti (*posición*), o sentido ou traxectoria en movemento (*dirección*) ou a súa posición relativa, segundo o lugar que ocupe no entorno (*situación*).

A relación co obxecto que ves non depende únicamente das súas propiedades. As distintas posicións que ocupes para observar un obxecto cambian sustancialmente a imaxe que recibes e polo tanto, os datos que che serven para a súa comprensión. O lugar no que estén situados os teus ollos e a túa cabeza cando mires é o que se coñece como *punto de vista*.

O sistema de visión do ollo humano só permite que poindan verse as imaxes situadas no interior dun cono que partindo dos ollos ábrese nunha porción do espazo de 180º aproximadamente. A isto chámasele cono visual. O ángulo que manteñan os obxectos co *cono visual* será o *ángulo de observación*.

Cando observamos un obxecto de fronte (cara principal), temos del unha visión *frontal*. Se o facemos de un dos seus lados, denomínase *perfil*.

Aquela figura ou obxecto que estea situada de forma oblicua, ou no caso de que o punto de vista estea moi alto ou moi baixo, dícese dela que está en *escorzo*.

A *panorámica* caracterízase por ter o punto de vista moi alexado dos obxectos permitindo apreciar todo o conxunto.

Captación da imaxe

Posición, dirección e situación

Punto de vista

Ángulo de Observación

Frontal

Perfil

Escorzo

Panorámica